



Tres deputadas e un deputado toman posesión no Pleno do Parlamento

- **Trátase de María Herminia Pouso Maneiro, María Soledad Piñeiro Martínez, María Julia Rodríguez Barreira e Alejandro Gómez Alonso, que substitúen as baixas rexistradas desde o inicio da lexislatura**

Santiago, 18 de decembro de 2012.- O Pleno do Parlamento de Galicia acolleu esta mañá a toma de posesión de tres novas deputadas e un deputado, que substitúen as baixas rexistradas na Cámara desde o inicio da lexislatura. Trátase das deputadas do PPdeG pola Coruña María Herminia Pouso Maneiro e María Soledad Piñeiro Martínez; da deputada do PPdeG por Lugo María Julia Rodríguez Barreira, e do deputado do PPdeG por Pontevedra Alejandro Gómez Alonso.

Biografías

María Herminia Pouso Maneiro

Naceu en Ribeira o 4 de setembro de 1965. Casada, dous fillos. Diplomada universitaria en profesorado de EXB. Funcionaria da Administración local no Concello de Porto do Son desde 1986, desempeña o cargo de tesoureira desde 1988 ata a actualidade. Tesoureira da Mancomunidade de Concellos Serra da Barbanza desde 1998 ata 2003 e desde 2012 ata a actualidade.

Concelleira de Facenda e voceira do PP no concello de Ribeira entre o ano 2007 e 2011, na actualidade, concelleira de Facenda e Persoal e voceira no mesmo concello.

María Soledad Piñeiro Martínez

Naceu en Carnota o 1 de outubro de 1968. Diplomada en maxisterio pola Universidade de Santiago de Compostela, especialidade filoloxía inglesa. Foi mestra de educación de



adultos na Academia CeCee. Foi coordinadora de iniciativas comunitarias de creación de emprego (EUROFORM, NOW I e NOW II, HORIZON e INTEGRA) no Instituto de Desarrollo Comunitario de Galicia. Dirixiu e exerceu labores de docencia no Centro de Atención á Infancia Monte Pindo ata xuño de 2007.

Concelleira do PP en Carnota nas lexislaturas desde 1999 ata 2007 e na de 2007 foi tenente de alcalde. Na actualidade continúa a ser concelleira. Membro da Xunta Directiva do PP da Coruña. Na VIII lexislatura foi presidenta da Comisión de Educación e Cultura no Parlamento de Galicia e vogal da Comisión de Pesca.

Julia Rodríguez Barreira

Naceu en Monforte de Lemos (Lugo) o 18 de decembro de 1966. Licenciada en dereito pola Universidade da Coruña. Mediadora de seguros titulada e xestora administrativa. Avogada.

Concelleira e voceira do Grupo Municipal do PP en Monforte de Lemos desde o ano 2011. Foi senadora por Lugo na X lexislatura desde o 2011, ata que renunciou para ser deputada no Parlamento de Galicia.

Alejandro Gómez Alonso

Naceu o 24 de decembro de 1973 en Forcarei. Estudos en dereito. É Secretario de Organización do PPdeG.

Foi presidente de Novas Xeracións entre os anos 1998 e 2003. Foi concelleiro e voceiro do grupo municipal do Concello de Forcarei durante oito anos. Deputado na VI lexislatura, na que foi vogal na Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos. Na VII lexislatura foi voceiro de Obras Públicas do Grupo Popular e membro da Comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da Comisión de



Industria e da Comisión do Regulamento. Na VIII lexislatura foi voceiro de Infraestruturas do Grupo Parlamentario Popular.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia